

**12.- DISPOSICIÓN FINAL.-**

O Concello de Lourenzá é o responsable do tratamento dos datos das persoas solicitantes e infórmaas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016.

Lourenzá, 11 de xaneiro de 2021.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0035

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO DE 3 AXENTES DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA, GRUPO C1, DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Por resolución da alcaldía, de data 5 de xaneiro do 2021, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo, que se atopa exposta para o coñecemento xeral na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

Conforme as bases da convocatoria os/as aspirantes excluídos/as provisionalmente contan con un prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para subsanar os posibles defectos ou omisións da documentación presentada.

Monforte de Lemos, 12 de xaneiro de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0044

**O PÁRAMO***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 29 de Decembro de 2020, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2021, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

O Páramo, 7 de xaneiro de 2021.- O alcalde, José Luis López López.

R. 0037

**RÁBADE***Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **8 de xaneiro de 2021** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de decembro de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 8 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0034